



INFORME DE ABANDONO DOS ESTUDOS DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2018-2019

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 12/02/2020
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 27/02/2020**

Introducción	p. 3
Resultados	p. 3
<i>Abandono potencial</i>	p. 3
<i>Abandono real</i>	p. 4
<i>Enquisa de abandono: resultados</i>	p. 5
<i>Destino do alumnado que abandona</i>	p. 6

Introdución

O sistema de indicadores da USC contempla dúas taxas de abandono. A primeira é a “taxa de abandono durante o primeiro curso” (IN40G-S01-PM-01) que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso, que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X. A segunda é a “taxa de abandono do RD 1393” (IN41G-S01-PM-01) que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

Presentar unhas baixas taxas de abandono é crucial para obter unha alta taxa de graduación. A preocupación polo abandono do alumnado levounos a incorporar no SGC o protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao”.

Como a implantación da titulación realizouse no presente curso (2018/19) non podemos calcular ningunha das taxas expostas anteriormente; así que fíxose un seguimento individualizado do alumnado que abandona (non se matricula no curso 2019/20) para tentar coñecer cales son as súas causas.

Resultados

Abandono Potencial

En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, una vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia. No curso 2018/19 tres alumnos figuran na listaxe de abandono potencial, un/unha deles non asistiu nunca a clase nin respondeu ao correo enviado polo coordinador do grao, outro/a traballa e tivo un problema de saúde no segundo semestre e o/a terceiro/a manifestou a súa intención de continuar os estudos. Ningún deste alumnos/as están matriculados no curso 2019/20.

Abandono Real

Doce dos/as cincuenta alumnos/as que comezaron os estudos en setembro de 2019 non están matriculados de ningunha materia do grao no curso 2019/20. Entre eles inclúense os tres alumnos/as en risco potencial de abandono (dous non se

presentaran a ningunha materia e o/a terceiro/a non superou ningunha materia) e nove superaron entre 4 e 8 materias (Figura 1).




Figura 1. Número de materias non superadas polo alumnado da cohorte de 2018/19 que non está matriculado no grao en Biotecnoloxía no curso 2019/20.

A maioría do alumnado que continua os seus estudos (32 alumnos/as), superou todas as materias, aínda que hai alumnos/as que continúan os estudos con 1 (2 alumnos/as), 2 (1 alumno/a), 4 (1 alumno/a), 5 (1 alumno/a) e 7 materias (1 alumno/a) non superadas (Figura 2).



Figura 2. Número de materias non superadas polo alumnado da cohorte de 2018/19 que está matriculado no grao en Biotecnoloxía no curso 2019/20.

Coa intención de mellorar o protocolo de abandono analizáronse os resultados obtidos no primeiro semestre polo alumnado que non está matriculado no curso 2019/20 e que non fora incluído no protocolo de risco potencial de abandono, e comprobouse que o 57% dos alumnos (4 alumnos/as) que non superaron 3 materias na primeira convocatoria do primeiro semestre terminaron por abandonar o grao.

Respecto as posibles diferenzas nas cualificacións do alumnado que abandona (e que non fora incluído no protocolo de risco potencial de abandono) respecto aos que non abandonan, na Figura 3 pódense observar as diferenzas na taxa de aprobados media e das distintas materias. Fundamentos de procesos biolóxicos, termodinámica e cinética química, bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos e química son as materias que presentan as maiores diferenzas.




Figura 3. Taxa de superación (tanto por un) media e das distintas materias para o alumnado que continua e non continua matriculado (exceptuando o que non se presentou nin superou ningunha materia) no grao en Biotecnoloxía no curso 2019/20. Mat=Matemáticas, Fis=Física, Quim= Química, BioC= Bioloxía celular, BioE= Bioestatística e deseño experimental, T Anal= Técnicas analíticas e instrumentais, BioD=Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos, FPBio= Fundamentos dos procesos biolóxicos, Micl= Microbioloxía I, Ter= Termodinámica e cinética química.

Enquisa de abandono: resultados

Para coñecer as causas do abandono, a coordinación do grao elaborou unha enquisa na que se solicitaba a seguinte información:

1. Cal ou cales das seguintes causas foron as que te levaron a non matricularte de novo en Biotecnoloxía?:

- Razóns persoais
- O contido das materias non se corresponde co que eu esperaba
- Matriculeime pensando en cambiarme a un grao con nota de corte maior
- Outras

2. Se elixiches unha do tres últimas opcións, importaríache dar algún detalle máis?

3. Se fora o caso, que outros estudos pensas cursar?

O coordinador do grao púxose en contacto, a través de correo electrónico, co alumnado que non estaba matriculado en setembro de 2019. Contestaron a enquisa 10 alumnos/as e os resultados pódense observar nas Figuras 4 e 5. Cabe destacar que a maioría do alumnado (40%) indica que abandona porque o contido das materias non se corresponde co que esperaban.




Figura 4. Resultados da enquisa da enquisa realizada ao alumnado da cohorte de 2018/19 que non está matriculado no grao en Biotecnoloxía no curso 2019/20.




Figura 5.- Resultados da enquisa da enquisa realizada ao alumnado da cohorte de 2018/19 que non está matriculado no grao en Biotecnoloxía no curso 2019/20

Destinos do alumnado que abandona

Aínda que se intenta facer un seguimento individualizado do destino do alumnado, nalgúns casos non é posible. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación permite identificar cal foi; nestes casos compútase como cambio de estudos na USC a outros graos. Tamén permítenos coñecer se houbo un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información nin a que universidade nin a que grao. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información, e estes consígnanse como abandonos

A Táboa 1 recolle o número e destino dos alumnos da cohorte de 2018/19 que non se matricularon do Grao no curso 2019/20 e a Figura 6 inclúe as porcentaxes dos principais destinos do alumnado non matriculado.

Táboa 1. Número de estudantes da cohorte do curso 2018/19 no Grao en Biolotecnoloxía da USC que non están matriculados dos estudos no curso 2019/20 en función do seu destino de saída. O curso corresponde ao curso de acceso aos estudos do grao.

	2018/19
Cambio de estudos na USC a graos de Ciencias da Saúde	
- Medicina	3
- Psicoloxía	1
- Enfermaría	4
Subtotal	8
Cambio a estudos na USC a outros graos	
- ADE	1
Outros	0
Subtotal	1
Traslado do expediente	1
Abandono	2
TOTAL	12

Tal e como indica a Figura 6 ao redor do 67% do alumnado que abandona o grado en Biotecnoloxía matricúlase no curso 2019/20 en diferentes graos englobados nas titulacións de Ciencias da Saúde (o 33% en Enfermaría, o 25% en Medicina e o 8% en Psicoloxía). No caso do alumnado que se marcha a Medicina pode deberse a que escolleron ese grao como primeira opción e en canto son admitidos abandonan o Grao en Biotecnoloxía, xa que Medicina ten unha nota de corte de lixeiramente superior (12,34 en Medicina e 12,024 en Biotecnoloxía).




Figura 6. Porcentaxes dos destinos do alumnado da cohorte do curso 2018/19 no Grao en Biotecnoloxía da USC que no están matriculados dos estudos no curso 2019/20.